



**Resolución do 9 de setembro de 2021**, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se convoca a provisión temporal dun posto de Dirección, mediante comisión de servizos no Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA).

De conformidade co establecido no artigo 527.1 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial (LOPX), modificada pola Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, e no artigo 73 do Real decreto 1451/2005, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza, e en uso das competencias que lle corresponde a este órgano consonte ao artigo 20.1 do Estatuto de autonomía de Galicia, en relación co Real decreto 2397/1996, sobre transferencia a esta comunidade de medios persoais para o servizo da Administración de xustiza, e do Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.

*DISPOÑO:*

**Primeiro.- Obxecto da convocatoria.**

Esta convocatoria ten por obxecto a provisión de forma temporal, mediante comisión de servizos, do posto de traballo vacante que se indica no anexo I desta resolución.

**Segundo.- Solicitantes.**

1. Poderán solicitar a comisión de servizos, con exención de funcións no seu posto actual os/as funcionarios/as de carreira pertencentes ao Corpo de Médicos Forenses integrados no Instituto de Medicina Legal de Galicia, calquera que sexa a súa situación administrativa, con excepción dos que se atopen nalgunha das situacións previstas no apartado 2, sempre que reúnan as condicións xerais esixidas e os requisitos determinados no anexo I desta convocatoria na data que remate o prazo de presentación das solicitudes e as manteñan ata a resolución definitiva da convocatoria.

2. Non poderán tomar parte nesta convocatoria:

- a) Os funcionarios/as declarados suspensos en firme, mentres dure a suspensión.
- b) Os que se atopen na situación de excedencia voluntaria por interese particular, durante o período mínimo obrigatorio de permanencia na dita situación.
- c) Os sancionados con traslado forzoso, ata que transcorran un ou tres anos para destinos na mesma localidade na que se lles impuxo a sanción, se se trata de falta grave ou moi grave, respectivamente.





### **Terceiro.- Solicitudes.**

As persoas interesadas deberán presentar unha solicitude axustada ao modelo que se xunta como anexo II a esta resolución á que deberán unir un curriculum vitae e xustificar documentalmente os méritos que aleguen.

### **Cuarto.- Informe.**

A solicitude sinalada no punto anterior deberá remitirse, co visto e prace do superior funcional. Avaliadas as solicitudes, solicitarase o correspondente informe ao superior funcional, en relación coas necesidades do servizo, dos funcionarios/as que teñan opción ao traslado en comisión.

### **Quinto.- Lugar e prazo de presentación de solicitudes.**

As solicitudes xunto coa documentación xustificativa do curriculum vitae, dirixiranse á Dirección Xeral de Xustiza (Rúa Madrid 2-4, 15781 Santiago de Compostela) e poderán presentarse nos rexistros administrativos da Xunta de Galicia ou en calquera das formas previstas no artigo 38 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación de solicitudes será de diez (10) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria na intranet de xustiza (<http://intranet.xustiza.gal>) e mais na web da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo (<https://cpapx.xunta.gal/comisions-de-servizo>).

### **Sexto.- Duración da comisión de servizo, criterios para a súa concesión e dereitos da persoa comisionada.**

A comisión de servizos terá una duración máxima dun ano, prorrogable por outro, no caso de non cubrirse o posto con carácter definitivo.

Consonte o previsto no artigo 56 do Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza, na selección apreciarase a idoneidade dos/as candidatos/as para o desenvolvemento do traballo do posto solicitado.

A provisión temporal da praza ofertada concederase con carácter de comisión de servizos voluntaria. O/a funcionario/a conservará o seu posto de orixe e terá dereito ás retribucións complementarias do posto que desempeñe.

### **Sétimo.- Resolución da convocatoria**





A resolución da convocatoria publicárase de xeito simultáneo na intranet de xustiza (<http://intranet.xustiza.gal>) e mais na web da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo (<https://cpapx.xunta.gal/comisions-de-servizo>).

### **Oitavo.- Recursos.**

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición ante o director xeral de Xustiza no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente no prazo de dous meses. Ambos os dous prazos se contarán a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución na intranet de xustiza (<http://intranet.xustiza.gal>) e mais na web da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo (<https://cpapx.xunta.gal/comisions-de-servizo>).

### **DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**

O director xeral de Xustiza

Juan José Martín Álvarez





## ANEXO I

### 1. Características do posto:

Denominación do posto: Director/a do Instituto de Medicina Legal de Galicia.

Código do posto: XG9251810015770301.01.

Centro Xestor: Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo

Centro de destino: Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA). Dirección. Santiago de Compostela (A Coruña)

Forma de provisión: Libre designación.

### 2. Funcións

As funcións que corresponde exercer no posto de traballo obxecto desta convocatoria son as dispostas no artigo 6º do Decreto 119/2005, do 6 de maio, polo que se crea o Instituto de Medicina Legal de Galicia (DOG do 18 de maio de 2005).

### 3. Requisitos de participación

Corpo: Médico Forense.

Experiencia profesional: 5 anos como médico forense.

### 4. Formación específica

Coñecementos específicos e experiencia nas áreas de actuación propias da medicina forense.

Coñecementos en materia de organización do traballo e xestión do persoal.

Formación en técnicas de comunicación e atención ao público.





## ANEXO II - MODELO SOLICITUDE

### MÉRITOS ALEGADOS

<p>ANTIGÜIDADE NO RESPECTIVO CORPO:</p>  <p>OUTROS:</p>	<p>COÑECEMENTO ORAL E ESCRITO DA LINGUA GALEGA:</p> <p>Curso de iniciación</p> <p>Curso de perfeccionamento</p> <p>Curso básico de linguaxe xurídica</p> <p>Curso medio de linguaxe xurídica</p> <p>Curso superior de linguaxe xurídica</p>
---	---

DNI	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME
-----	------------------	-----------------	------

<p>DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO ACTUAL:</p> <p>UNIDADE DE DESTINO:</p> <p>LOCALIDADE:</p>
--

CORPO: Médico Forense	
Tfno. de contacto:	
DATA posesión no corpo actual: ____ / ____ / ____	

<p>POSTO SOLICITADO: director/a do Instituto de Medicina Legal de Santiago de Compostela.</p> <p>Código do posto: XG9251810015770301.01.</p>
--

Santiago de Compostela,

VISTO E PRACE DO SUPERIOR FUNCIONAL

SINATURA:

**Dirección Xeral de Xustiza**  
**Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**  
**Rúa Madrid, 2-4, planta 2ª, polígono das Fontiñas**  
**15781 Santiago de Compostela (A Coruña)**

